

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN S

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

*EXTRACTO da Orde do 11 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE), a igualdade laboral e a conciliación laboral e persoal, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.*

BDNS (Identif.): 400263.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

##### Primeiro. *Beneficiarios*

As empresas solicitantes poderán ser pemes, micropemes ou persoas traballadoras autónomas, que teñan subscritos contratos con persoas traballadoras por conta allea, con domicilio social e centro de traballo en Galicia, calquera que sexa a súa forma xurídica, e que estean validamente constituídas no momento de presentar a solicitude de axudas, e deberán contar cun mínimo de 5 persoas traballadoras.

Tamén poderán presentar solicitude as empresas con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia que deberán ter contratado nesta Comunidade Autónoma un mínimo de 8 persoas.

##### Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras, para o ano 2018, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas e incentivos a pemes e micropemes, incluídas persoas traballadoras autónomas, para implantar sistemas de xestión de RSE (TR357B), a igualdade laboral (TR357C), así como para adoptar medidas de corresponsabilidade e de conciliación da vida familiar, persoal e laboral (TR357D), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



**Terceiro. Bases reguladoras**

Orde do 11 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE), a igualdade laboral e a conciliación laboral e persoal, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

**Cuarto. Importe**

Para a concesión destas axudas destínase un millón trescentos catorce mil cento dous euros (1.314.102 €), de acordo coa seguinte distribución:

Liña I. Certificacións de RSE: cento cincuenta e cinco mil oitocentos oitenta euros (155.880 €).

Liña II. Elaboración e implantación de plans de igualdade: catrocentos mil euros (400.000 €).

Liña III. Conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Subliña 1. Incentivos para o fomento do teletraballo: trescentos dezaseis mil seiscentos once euros (316.611 €).

Subliña 2. Incentivos para o fomento da flexibilidade horaria: trescentos dezaseis mil seiscentos once euros (316.611 €).

Subliña 3. Subvencións para a adquisición de elementos tecnolóxicos que posibiliten o teletraballo: cento vinte e cinco mil euros (125.000 €).

**Quinta. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018

Francisco Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

